



**GRUPO MUNICIPAL
POBRA DO CARAMIÑAL**



**CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL**

15 MAR. 2017

Entrada nº: 1173

Saída nº:

Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN PARA DAR APOIO EXPRESO Á PLATAFORMA DE VÍTIMAS DO ALVIA 04155 .**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. Este accidente no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145 é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza en sentido amplo, esixindo tamén responsabilidades políticas, polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por iso é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puidesen derivarse do devandito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas e nun exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado dándolles o noso apoio expreso.

A Plataforma de Víctimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e unha incomprensible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello nun acto de responsabilidade e compromiso contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.



**GRUPO MUNICIPAL
POBRA DO CARAMIÑAL**

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG-AA propón á Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1.- Dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155
- 2.- Que o Concello de A Pobra do Caramiñal reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.
- 3.- Solicitar ao Goberno do Estado que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.
- 4.- Solicitar ao Goberno do Estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.

A Pobra do Caramiñal, 14 de marzo de 2017

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,
Concelleiro do G. M. do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL